



**LIÑAS XERAIS DA  
PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E  
ORZAMENTARIA  
2014-15**

---

## INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC de 11 de outubro de 2007 (DOG de 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. En virtude deste modificación, este órgano colexiado aprobou o 18 de novembro de 2010 as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13. Este documento serviu de guía para a elaboración dos orzamentos destes tres exercicios, mesmo a pesar de atoparse unha realidade máis severa do que no 2010 se podía prever.

Concluído o período de aplicación do documento aprobado, é necesario dispor dun novo que guíe a elaboración dos seguintes orzamentos.

No Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-15 (en adiante, PFSUG) defínense os parámetros do financiamento das universidades galegas ata o ano 2015. Esa é a razón pola que a planificación plurianual que aquí se presenta ten ese exercicio como límite temporal.


Os contidos do documento estrutúranse nos seguintes apartados:

- Contexto orzamentario.
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas.
- Plan xeral de investimentos.
- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

## CONTEXTO ORZAMENTARIO

No momento da aprobación da programación plurianual de 2011-13 na UDC xa se deixara notar o deterioro do contexto financeiro. Ao déficit histórico de financiamento e infraestruturas que xa viña arrastrando a nosa institución sumouse a coxuntura económica xeral, polo que foi necesario planificar a aplicación dos fondos propios para suavizar a caída do orzamento.

O alongamento da crise máis aló do que se podería esperar mudou as contías dun PFSUG, creado con vocación de crecemento, acumulando en 2012 caídas de case o 7%. Esta situación, xunto cunha formulación do PFSUG afastada das necesidades da nosa institución, fixeron imprescindible o uso do remanente non afectado para financiar o orzamento. O rigor orzamentario levado nos últimos anos permitirá aínda no 2014 polo menos o uso destes fondos. Pero as reservas están a esgotarse.



A evolución dos principais fondos do PFSUG nos exercicios anteriores e os indicados polo proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para 2014 son:

		2011	2012	2013	2014
<b>Financiamento estrutural</b>	<b>Fondo financiamento custos estruturais</b>	290.056.637	290.056.637	250.739.389	253.739.389
	<i>Fondo financiamento investimentos reparación e mellora</i>	5.048.502	5.048.502	5.048.502	5.048.502
	<i>Mantemento consellos sociais</i>	600.000	600.000	600.000	600.000
	<i>Financiamento INEF-Galicia</i>	2.945.254	2.945.254	2.842.170	2.842.170
	<i>Financiamento prazas vinculadas SERGAS</i>	6.553.926	6.553.926	6.324.539	6.324.539
	<i>Subvención compensación custos inducidos</i>	1.098.020	1.098.020	1.098.020	1.098.020
	<b>Subvención por resultados</b>	19.005.940	19.005.940	37.154.175	37.154.175
<b>Financiamento por mellora da calidade</b>	18.000.000	18.000.000	18.000.000	18.000.000	

Con base nas normas que se deron ás universidades para a elaboración do plan do sostibilidade, a dotación dos fondos do plan de financiamento para 2015 cabe esperar que sexan mínimos.

O presente documento elabórase con este suposto e co de mantemento da baixada salarial establecida na Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o 2013 e no Proxecto de Lei de de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014 tamén no 2015, para visualizar con maior claridade a evolución dos datos. No caso de que, como está a intentar a UDC, non se considere esa redución salarial no orzamento de 2015 a UDC sería resarcida na cantidade correspondente, polo que non afectaría moito ao resultado final.

No momento actual estamos na segunda metade de vixencia do PFSUG, de aí que parte dos fondos do financiamento estrutural que aparecen na táboa anterior pasen, a partir de 2013, a engrosar o financiamento por resultados, na lectura restritiva que se fai dende a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao que figura no punto II.a do PFSUG. Tal circunstancia cambia o equilibrio de pesos dos diferentes fondos do plan que se reflectía no Plan Plurianual 2011-13:

- O financiamento estrutural representa case o 83% do total dos fondos previstos para en 2011.
- O financiamento por resultados suporía o 11,4%.

- Un 5,5% adicional como financiamento por mellora da calidade, ligado á presentación polas universidades con déficit en termos de contabilidade nacional e aprobación pola Xunta de plans de sostibilidade financeira.

## **EVOLUCIÓN PREVISTA DAS PRINCIPAIS PARTIDAS**

Este epígrafe iníciase coa presentación das evolucións esperadas das principais partidas de ingresos e de gastos para, a continuación, analizar os equilibrios orzamentarios previstos.

### **INGRESOS**


A principal fonte de financiamento de UDC, como universidade pública, son as transferencias da Xunta de Galicia, que supoñen máis do 70% do total do orzamento de ingresos liquidados.

Neste segundo tramo de vixencia do PFSUG mudou o peso dos diferentes fondos, tal como se comentou anteriormente. Afortunadamente, o maior protagonismo do fondo de financiamento por resultados favorece a repartición asignado á UDC, xa que o financiamento estrutural se reparte maioritariamente por criterios históricos, que prexudican á institución. Os valores do panel de indicadores usado para a distribución do financiamento por resultados, nos que a UDC amosan valores esperanzadores para a nosa Universidade, deixa en evidencia o infrafinanciamento ao que tradicionalmente se veu sometida a institución.

A redución do financiamento público das universidades do Sistema Universitario de Galicia a partir do ano 2010 veuse reforzada pola redución dos ingresos de matrícula. Na última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2012, amósase, porén que os números de capítulo III de ingresos deixan de baixar, o que podemos entender como o final do efecto que a implantación das titulacións de EEES tivo sobre a recadación por prezos públicos. A reclamación de prezos públicos á institucións responsables de exencións de matrícula outorgadas a persoas alleas á

comunidade universitaria e a implantación de diversos mestrados de titulacións técnicas podería contribuír, incluso a unha pequena repunta dos ingresos de matrícula.

A redución de fondos propios dispoñibles nas sucesivas liquidacións prevista na programación plurianual anterior cumpriuse, o que deixa unha marxe mínima para seguir servindo de colchón que minore a caída.



Por último, no resto dos ingresos, entre os que está a captación de fondos destinados a I+D+i, é previsible unha redución adicional, que polo seu carácter finalista tería unha repercusión moderada sobre os equilibrios orzamentarios.


## **GASTOS**

Os esforzos que se están a facer no capítulo I están a lograr o mantemento do número de efectivos en activo. A importante contía que supón neste capítulo o crecemento vexetativo e o ligado á obxectivos no PDI deberá ser cuberto polas baixas non cubertas pola taxa de reposición.

Na última liquidación dispoñible amosáronse uns esforzos importantes de axuste. As últimas liquidacións dispoñibles mostran unha senda moderadamente descendente no capítulo II e severamente descendente no capítulo VI.

No tocante ao gasto corrente en bens e servizos, a pesar da suba do IVE e do aumento dos prezos, especialmente da enerxía que supón unha importante partida de gastos na UDC, na liquidación do exercicio 2012 reflíctese unha caída do capítulo II do 5,6%, o que supón un millón de euros. Os axustes neste capítulo no referente ás partidas centralizadas está a chegar ao seu límite. Terase que seguir actuando para acadar aforros adicionais en partidas importantes como limpeza, seguranza ou enerxía, pero necesariamente para contribuír á redución do gasto corrente en bens e servizos terase que colaborar cunha redución do gasto descentralizado e cunha colaboración necesaria da comunidade universitaria para controlar os consumos.

O capítulo de investimentos, que se recortou nun 45% desde 2010, deberá ter unha redución tamén nos seguintes exercicios. Esta redución implica limitarse á execución das obras en marcha e de proxectos inaprazables de magnitude moderada, segundo se recolle na epígrafe dedicada aos investimentos. Os gastos descentralizados de biblioteca deberán axustarse en porcentaxes maiores da media para contribuír a este obxectivo. Os axustes en programas de investigación e nos fondos descentralizados serán máis moderados e selectivos.




As bolsas, que seguirán a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento, estanse a reestruturar co obxectivo de incrementar a eficiencia e número de persoas beneficiarias.


## **ANÁLISE DOS EQUILIBRIOS ORZAMENTARIOS FUTUROS**

Coas restricións amosadas no apartado Contexto orzamentario e admitindo unha melloría na UDC dos indicadores asociados tanto ao fondo de financiamento de custos estruturais como ao fondo de financiamento por resultados, a proxección dos ingresos de cara a 2015 é a seguinte:





Nestas circunstancias, e segundo se analizou anteriormente, para acadar o equilibrio orzamentario, os axustes realizados nos últimos anos deberán complementarse nos dous exercicios seguintes. Aínda baixo as hipóteses anteriores relativas á evolución dos ingresos, no bienio 2014-15 sería necesario realizar recortes adicionais en gasto corrente (que podería supor unha redución superior ao 4% ao remate do período) e en investimentos orzamentados, incluso mantendo conxelada a masa salarial.



## PLANO XERAL DE INVESTIMENTOS

Os investimentos materiais deberán orientarse a rematar a infraestrutura do parque tecnolóxico, iniciada en exercicios anteriores. Salvo pequenas partidas de acondicionamento non excesivamente substanciosas, estas actuación gozan de reserva orzamentaria feita en exercicios anteriores:

A utilización destes fondos provisionados xerará un déficit aos exercicios económicos aos que se refire este documento, polo que deberán ser asumidos pola Xunta de Galicia, coa aprobación do Plan de Sostibilidade presentado por esta universidade.

Os principais proxectos son:

- O novo centro da Área Tecnolóxica: unha vez autorizado o seu uso, será necesario o acondicionamento eléctrico para a súa posta en funcionamento, que servirá de complemento ás instalacións da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e da Facultade de Informática.
- O CITEEC, tras a redefinición do proxecto de ampliación para adaptarse ao contexto orzamentario actual, sairá a contratación nos próximos meses.
- O proceso de acondicionamento do CICA e a dotación da infraestrutura científica, cofinanciada con fondos FEDER, estará lista ao longo do 2014.
- O Campus Center está en proceso de revisión do proxecto e de adaptación ás necesidades actuais.

O contexto económico impide polo momento iniciar novos proxectos de dotación de infraestrutura docente, residencial ou científica. Unha prioridade para a UDC na negociación Plan de Financiamento que estará en vigor dende 2016, será a inclusión de medidas na procura do principio xenérico do equilibrio que se concreten en dotacións compensatorias polas desigualdades existentes en financiamento e infraestruturas.

Finalmente, e na liña do traballado nos últimos exercicios, será necesario un importante esforzo de priorización das actuacións en materia de obra menor e mantementos a nivel centralizado e descentralizado. Unha orientación adecuada do traballo de mantemento dos edificios levará a medio prazo a reducir os investimentos necesarios para a conservación do patrimonio da institución.

## **PREVISIONS SOBRE A EVOLUCIÓN DE PDI E DE PAS**

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos Plans de Sostibilidade e a situación financeira fan que o mantemento dos efectivos actuais sexa o obxectivo máis ambicioso que cabe fixarse neste contexto.

Para o colectivo do PAS, a funcionarización aprobada no último exercicio é unha ferramenta que posibilita este camiño, conciliando coa necesidade de conter o gasto en persoal aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade. A reorganización administrativa aprobada na última RPT facilitará a adaptación ás novas necesidades de xestión sen novas contratacións. Antes de rematar este plan plurianual será necesario comezar a negociar a seguinte RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles.

Para o PDI, a taxa de reposición do 10% para persoal investigador funcionario e a imposibilidade de contratar PDI laborais fixos impide a curto prazo proporcionar carreira docente ao persoal non estable. Isto obriga á UDC a cubrir as necesidades docentes con persoal interino.

Adicionalmente, deberá normalizarse progresivamente o cómputo da dedicación do profesorado, o que irá acompañado dun recoñecemento expreso a todas as tarefas que realizan. Deste xeito poderase trazar unha senda de minoración de desequilibrios entre áreas que contribúa ao aforro da institución.

En termos económicos, o mantemento dos traballadores nas condicións anteriores non suporá en ningún caso o aumento da masa salarial, estable nos últimos anos. Estímase a conxelación destes gastos nos dous anos posteriores.